

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 36019463 | Johan Carballeira | Bueu     | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo     | Grao                             | Réxime                 |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| IMP                           | Imaxe persoal       | CBIMP11                   | Peiteado e estética | Ciclos formativos de grao básico | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                    | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP3065       | Cambio de cor do cabelo | 2023/2024 | 5                | 150          | 180            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                     |
|--------------------------------|---------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | LAURA SENÍN MONTÁNS |
| Outro profesorado              |                     |

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

A Formación Profesional Básica de Peiteado e Estética contén a formación necesaria para desempeñar a función de auxiliar de peiteado e estética que abrangue aspectos como:

- Preparar os equipamentos e o espacio de traballo.
- Realizar operacións de atención a clientela.
- Aplicar as técnicas de hixiene e acondicionamiento capilar.
- Aplicar técnicas de cambios de forma e de cor
- Realizar as técnicas de depilación mecánica e descoloración da peluxe.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título  | Descrición  | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|---|--------------------|----------|
| 1    | Preparación de equipamentos e utensilios para cambios de cor do cabelo            | Nesta UD, aprenderase a utilizar os utensilios, equipamentos e aparellos empregados para os cambios de cor no cabelo. | 10                 | 25       |
| 2    | A coloración e descoloración do cabelo  | Nesta UD, aprenderase a escala de Cor natural e tons do cabelo.   | 50                 | 25       |
| 3    | Coloración completa do cabelo. Operacións técnicas previas a coloración do cabelo | Nesta UD, aprenderase a técnica de preparación e aplicación de colorantes temporais, semipermanentes e permanentes.   | 70                 | 25       |
| 4    | Coloración parcial  | Nesta UD, aprenderase a técnica de preparación e aplicación de cosméticos na coloración parcial.                      | 50                 | 25       |

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 1   | Preparación de equipamentos e utensilios para cambios de cor do cabelo | 10       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Prepara equipamentos e utensilios para os cambios de cor e recoñece as súas características e as súas aplicacións | SI       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Descríbense as instalacións utilizadas nos procesos de cambios de cor do cabelo   |
| CA1.2 Identifícanse os equipamentos, os aparellos, os utensilios e os accesorios necesarios para a realización das técnicas de cambios de cor do cabelo |
| CA1.3 Descríbense a utilización e o mantemento dos equipamentos e dos aparellos empregados no proceso, tendo en conta criterios de hixiene e seguridade |
| CA1.4 Preparáronse os utensilios e os accesorios aplicando as técnicas de hixiene e desinfección necesarias   |
| CA1.5 Preparouse a zona de traballo, en condicións de hixiene, para a realización do servizo de cambios de cor do cabelo                                |
| CA1.6 Identifícanse os elementos do equipamento persoal de peiteado para a execución técnica do cambio de cor   |
| CA1.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas   |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Instalacións necesarias para os procesos de cambios de cor do cabelo.<br><br>Utensilios, equipamentos e aparellos empregados: descrición, uso e mantemento.<br><br>Preparación da zona de traballo.<br><br>Medidas para a limpeza e a desinfección de utensilios e accesorios.<br><br>Equipamento persoal de peiteado para realizar cambios de cor no cabelo.<br><br>Medidas de prevención de riscos laborais aplicables. |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                           | Duración |
|-----|--|----------|
| 2   | A coloración e descoloración do cabelo | 50       |



#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Aplica técnicas de descoloración de cabelo baixo a supervisión do persoal técnico responsable | SI       |

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.1 Estudouse a cor natural do cabelo e a escala de tons   |
| CA2.2 Describiuse o proceso de descoloración capilar   |
| CA2.3 Identificouse a forma de actuar dos cosméticos descolorantes   |
| CA2.4 Descríronse as normas de utilización dos produtos descolorantes  |
| CA2.5 Protexeuse o/a profesional coas medidas adecuadas para traballar en condicións de seguridade e hixiene   |
| CA2.6 Acomodouse, protexeuse e preparouse o/a cliente/a, aplicándolle os produtos necesarios para protexer a pel   |
| CA2.7 Colaborouse na preparación do produto seguindo as indicacións do persoal técnico responsable   |
| CA2.8 Aplicouse o produto total ou parcialmente sobre o cabelo baixo a supervisión do persoal técnico responsable, cumprindo as normas de seguridade, vixiando o proceso e controlando o tempo de exposición |
| CA2.9 Adaptouse o servizo de hixiene capilar ao proceso de descoloración capilar   |
| CA2.10 Seguíronse as instrucións dadas polo persoal técnico para cubrir a ficha do/da cliente/a e a de servizo   |
| CA2.11 Colaborouse co persoal técnico na avaliación de resultados e na corrección dos non desexados do proceso de descoloración  |
| CA2.12 Formuláronse as preguntas tipo para avaliar o grao de satisfacción da clientela   |
| CA2.13 Detectáronse as causas das deficiencias no servizo e as medidas para as arranxar  |
| CA2.14 Aplicáronse as especificacións de seguridade e ambientais requiridas  |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| <p>Cor natural do cabelo.</p> <p>Técnicas de avaliación de resultados e corrección de resultados non desexados.</p> <p>Técnicas de detección do grao de satisfacción da clientela.</p> <p>Deficiencias nos procesos de descoloración do cabelo: causas e medidas correctivas.</p> <p>Medidas de seguridade e ambientais aplicables.</p> <p>Ton e escala de tons.</p> <p>Descoloración capilar.</p> <p>Cosméticos para a descoloración do cabelo: normas de utilización e preparación.</p> <p>Medidas para a acomodación e a protección da clientela e do persoal profesional.</p> <p>Técnicas para a aplicación de descolorantes.</p> <p>Técnica de hixiene e acondicionamento capilar adaptada á descoloración capilar.</p> <p>Execución práctica das técnicas de descoloración: totais ou parciais.</p> <p>Ficha técnica: pautas de formalización.</p> |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD  | Duración |
|-----|---|----------|
| 3   | Coloración completa do cabelo. Operacións técnicas previas a coloración do cabelo | 70       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Aplica técnicas de coloración total do cabelo baixo a supervisión do persoal técnico responsable, tendo en conta a relación entre a técnica seleccionada e os efectos finais | SI       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.1 Clasifícanse os produtos colorantes capilares en función da súa natureza, da duración do resultado, da súa aplicación e da súa composición xeral  |
| CA3.2 Identifícase o xeito de actuar dos cosméticos colorantes, a súa finalidade e a súa acción sobre o cabelo  |
| CA3.3 Identifícanse as operacións técnicas previas aos cambios de coloración capilar  |
| CA3.4 Informouse a clientela e realizouse a proba de tolerancia baixo a supervisión do persoal técnico responsable, determinando os resultados e tendo en conta os parámetros aconsellados polo laboratorio fabricante do cosmético |
| CA3.5 Protexeuse o persoal profesional coas medidas adecuadas para traballar en condicións de seguridade e hixiene  |
| CA3.6 Acomodouse, protexeuse e preparouse a clientela, aplicándolle os produtos necesarios para protexer a pel  |
| CA3.7 Colaborouse na elaboración das mesturas correctas dos produtos colorantes, seguindo as indicacións de fábrica e do persoal técnico responsable  |
| CA3.8 Axudouse na aplicación do produto nas raíces e/ou sobre todo o cabelo, cumprindo as normas de seguridade, vixiando o proceso e controlando o tempo de exposición  |
| CA3.9 Adaptouse o servizo de hixiene capilar ao proceso de coloración capilar   |
| CA3.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados e avaliando correctamente os resultados, sempre baixo a supervisión do persoal técnico responsable                   |
| CA3.11 Seguíronse as instrucións dadas polo persoal técnico para cubrir a ficha do/da cliente/a e a de servizo  |
| CA3.12 Enumeráronse as causas posibles das deficiencias na prestación do servizo e propuxéronse medidas que permitan evitalas   |
| CA3.13 Colaborouse co persoal técnico na avaliación dos resultados e na corrección de resultados non desexados  |
| CA3.14 Colaborouse na avaliación do grao de satisfacción da clientela, tanto na prestación do servizo como na atención persoal, e na corrección das deficiencias, baixo a supervisión do persoal técnico responsable                |
| CA3.15 Aplicáronse as especificacións de seguridade e ambientais requiridas   |

**4.3.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Coloración capilar.<br>0Técnicas de avaliación de resultados e corrección de resultados non desexados.<br>Técnicas de detección do grao de satisfacción da clientela.<br>Deficiencias nos procesos de coloración do cabelo: causas e medidas correctivas.<br>Medidas de seguridade e ambientais aplicables.<br>Cosméticos específicos para a coloración do cabelo.<br>Operacións técnicas previas á coloración do cabelo.<br>Proba de tolerancia.<br>Medidas para a acomodación e a protección da clientela e do persoal profesional.<br>Técnicas de preparación e aplicación de colorantes temporais, semipermanentes e permanentes ou de oxidación.<br>Técnica de hixiene e acondicionamento capilar adaptada á coloración capilar.<br>Execución práctica das técnicas de coloración total do cabelo.<br>Ficha técnica: pautas de formalización. |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD       | Duración |
|-----|--------------------|----------|
| 4   | Coloración parcial | 50       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Aplica técnicas de coloración parcial do cabelo baixo a supervisión do persoal técnico responsable, tendo en conta a relación entre a técnica seleccionada e os efectos finais | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA4.1 Descríbense as técnicas que se empregan para colorear parcialmente o cabelo   |
| CA4.2 Participouse na selección da técnica que cumpra realizar en función dos efectos finais que se desexe conseguir  |
| CA4.3 Protexeuse o persoal profesional coas medidas adecuadas para traballar en condicións de seguridade e hixiene  |
| CA4.4 Determinouse o tipo de cosmético seguindo as indicacións do persoal técnico responsable   |
| CA4.5 Informouse a clientela e realizouse a proba de tolerancia baixo a supervisión do persoal técnico responsable, determinando os resultados e tendo en conta os parámetros aconsellados polo laboratorio fabricante do cosmético       |
| CA4.6 Acomodouse, protexeuse e preparouse a clientela, aplicándolle os produtos necesarios para protexer a pel  |
| CA4.7 Colaborouse co persoal técnico na aplicación do produto para coloración parcial (mechas con peite, gorro, papel de aluminio e outras técnicas), vixiando o proceso e controlando o tempo de exposición                              |
| CA4.8 Adaptouse o servizo de hixiene capilar ao proceso de coloración parcial do cabelo   |
| CA4.9 Seguíronse as instrucións dadas polo persoal técnico para cubrir a ficha do/da cliente/a e a de servizo   |
| CA4.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados e avaliando correctamente os resultados e a calidade do proceso, sempre baixo a supervisión do persoal técnico responsable |
| CA4.11 Enumeráronse as causas posibles das deficiencias na prestación do servizo e propuxéronse medidas que permitan evitalas   |
| CA4.12 Colaborouse co persoal técnico na avaliación dos resultados e na corrección de resultados non desexados  |
| CA4.13 Colaborouse na avaliación do grao de satisfacción da clientela, tanto na prestación do servizo como na atención persoal, e na corrección das deficiencias, baixo a supervisión do persoal técnico responsable                      |
| CA4.14 Aplicáronse as especificacións de seguridade e ambientais requiridas   |

**4.4.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Clasificación das técnicas de coloración parcial do cabelo: criterios de selección. |



## Contidos

0Técnicas de detección do grao de satisfacción da clientela.

Deficiencias nos procesos de coloración parcial do cabelo: causas e medidas correctivas.

Medidas de seguridade e ambientais aplicables.

Técnicas de preparación e aplicación de cosméticos en coloración parcial.

Medidas para a acomodación e protección da clientela e do persoal profesional.

Proba de tolerancia.

Execución práctica das técnicas de coloración parcial do cabelo.

Técnica de hixiene e acondicionamento capilar adaptada á coloración parcial do cabelo.

Causas posibles das deficiencias nos procesos de coloración do cabelo: medidas correctivas.

Ficha técnica: pautas de formalización.

Técnicas de avaliación de resultados e corrección de resultados non desexados.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Segundo as unidades didácticas, acadaranse uns mínimos de realización básicos que neste módulo están detallados en cada unha das unidades.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

A avaliación dos alumnos/as dos Ciclos de FPB terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas e realizarase por módulos profesionais.

É requisito indispensable elaborar na práctica varios traballos das distintas técnicas e ter os coñecementos mínimos adquiridos nos procesos de cambios de cor no cabelo, en modelos reais ou perruca, exámes escritos-orais ... etc, reflexados nos mínimos esixibles, para poder acadar unha avaliación positiva neste módulo.

Estas unidades de traballo desenvolveráanse ó longo de todo o curso, iranse intercalando co resto das UD, co fin de que aprendan a realizar diferentes técnicas de cambios de cor, e que adquiran os coñecementos necesarios para a realización das mesmas, cun mínimo de técnica e rapidez.

Preténdese que o alumnado consiga un dominio das técnicas necesarias para executar os procesos de cambios de cor, e da técnica correcta que lle permita alcanzar un mínimo de destreza na execución.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Parte práctica: as probas de tipo práctico contarán con un 70% da nota, nelas incluírán os traballos realizados ó longo do curso. A nota mínima nestas probas para realizar a media co teórico será dun 5.

Parte teórica: as probas de tipo teórico suporá o 30% da nota, a nota mínima desta proba para realizar a media co práctico será dun 5.

**ALUMNO CON AVALIACIÓN CONTINUA:**

O número de traballos realizados polo alumnado dependerá do ritmo da clase, e a diversidade do alumnado.

Será condición indispensable para superar o módulo aprobar as probas prácticas, orais ou escritas, e os traballos diarios na aula-taller.

As probas prácticas realizaránse en modelos que traerán os alumnos/as ou en perruca, dependendo do criterio do profesor.

O alumnado usa e comparte o material que está no taller, e deberá mantelo en perfecto estado de conservación e hixiene.

Imprescindible obter un 5 de nota media para aprobar.

**PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:**

Os alumnos maiores de 16 anos, que acumulen máis dun 10% de faltas das horas totais do módulo, perderán o dereito a avaliación continua.

O alumno terá que facer en xuño, un exame teórico e outro práctico, para superar dito módulo. A data do exame se colocará, con antelación, no taboleiro do departamento e na aula taller.

Proba teórica 30%, deberá acadar un mínimo de 5 para facer media ca proba práctica.

Proba práctica 70% deberá acadar un mínimo de 5 para facer media ca proba teórica.

**PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA**

En ambos casos valorarase:

-O número (fixaranse probas puntuais e número mínimo de traballos por avaliación), calidade, dificultade e variedade dos traballos, destreza, limpeza, estética, tempo de execución...

- As habilidades, destrezas e iniciativa desenvolto durante a execución dos traballos.

- A asimilación dos contidos en xeral.

- A iniciativa e creatividade.

- Recepción e atención a clientela.

- A orde e limpeza, así como vir uniformado/a tódolos días.

- O tempo de execución.

**PROBAS ESCRITAS:**

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto=5 ou non. Deberá sacar mínimo un 5 para poder facer media co resto das porcentaxes.

Se algún alumno/a é sorprendido copiando nun exame, terá que entregar o exame, e o profesor entregarálle outro distinto, ou fixará unha nova data para volver a facelo.

**TRATAMENTO DOS DECIMAIS:**

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán a alza ou a baixa ó enteiro mais próximo, según o criterio do profesor en cada caso.

**AUSENCIA NOS DÍAS DE EXAMES:**

Se un alumno non se presenta (sin causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) so se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médica.

Caso de non presentar en prazo un traballo:

Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, descontaráselle 0,5 punto da nota que lle corresponda ó mesmo por cada día de retraso. En todo caso, o alumno/a terá que entregar o

traballo aínda que sexa fóra de prazo, antes da avaliación para poder aprobar. De non facelo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

ACLARACIÓNS NO SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

-Deberanse acadar os mínimos establecidos para o módulo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades consistirán en recuperar o trimestre suspendido na avaliación do trimestre posterior, no apartado teórico.

No apartado da práctica sempre que o alumnado este aprobado/a, non se fará recuperación, sempre e cando teña os traballos esixidos en cada avaliación.

Se un alumno suspende as tres AVALIACIÓNS, terá un exame de todo o módulo en xuño.

No caso de suspender en xuño, o alumnado terá unha avaliación de recuperación EXTRAORDINARIA en setembro cun exame teórico e outro práctico.

Porcentaxes de ámbalas dúas convocatorias:

-Proba Teórica 30%, terá que acadar un mínimo dun 5 para facer media ca parte práctica.

-Proba Práctica 70%, terá que acadar un mínimo dun 5 para facer media ca parte teórica.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Cando un alumno perda o dereito a ser avaliado, faraselle un exame extraordinario en xuño, tanto da parte teórica coma da práctica de todos os contidos do módulo.

A data de celebración de proba extraordinaria será acordada polo equipo educativo e directivo sobre a base do regulamento de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Os porcentaxes serán os seguintes:

30% PROBA TEÓRICA exame escrito, tipo test ou de desenvolvemento, e deberá obter un mínimo de 5 para poder facer media ca proba práctica.

70% PROBA PRÁCTICA sobre modelo real que traerá o alumno, ou sobre perruca se o profesor o considera.

Se o alumno/a suspendese o mencionado exame, terá unha proba extraordinaria en setembro, e os porcentaxes e criterios para obter a nota son os mesmos xa mencionados.

Para acadar a recuperación do módulo, o alumno que non puidera recuperar na avaliación final, deberá despois dun período de repaso de conceptos, procedementos e actitudes, ser capaz de resolver de xeito satisfactorio tódalas unidades didácticas realizadas con anterioridade ao longo das tres avaliacións, unha vez realizados exercicios prácticos e teóricos.

As probas a realizar neste período, terán a mesma estrutura cas realizadas durante todo o curso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento sobre o seguimento da avaliación, farase dacordo co calendario oficial de seguimento das programacións. A avaliación da propia práctica docente farase nas enquisas de satisfacción docente feitas polos alumnos/as.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento empregado será unha enquisa inicial do alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Traballar conxuntamente co Departamento de Orientación para o reforzo educativo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática ,libre, tolerante, plural, etc..continua sendo unha das finalidades prioritarias da educación tal e como se pon de manifesto nos obxetivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) integranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia.

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos.

Educación para a saúde.

Neste sentido a importancia do benestar físico ,psíquico, individual, social e ambiental.

Fomentar igualmente valores coma a disciplina e auto-disciplina para lograr os obxetivos coma sentido do esforzo, responsabilidade e respecto.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

- Celebración do magosto, o día das letras galegas, o día da muller.....
  - Visita a algún balneario, ou centro relacionado coa Imaxe Persoal
  - Demostración de cosméticos empregados no centro escolar, por parte das casas comerciais.
  - Visita a algunha Feira ou Exposición relacionada coa Imaxe Persoal.
- Estas actividades levaráanse a cabo sempre e cando a situación permita pola COV-19.

**10. Outros apartados****10.1) Adaptación covid-19**

Adaptación covid-19

Supostos que se poden presentar ao longo do curso 2020-21:

- a) Confinamento parcial. No suposto de que parte do alumnado teña que permanecer confinado, seguirá as clases a través da aula virtual do IES.
- b) Confinamento total do grupo. As clases impartiranse a través da plataforma virtual do IES Johan Carballeira, mentres dure o confinamento.

Avaliación:

Os contidos impartidos mentres dure o confinamento, serán avaliados de forma presencial unha vez se reenicien as actividades presenciais.